

ACCESO A TEAMS CON CREDENCIAIS DA USC


Este é o enlace para acceder ao grupo **CEUXC 2020-21** en Teams:

<https://teams.microsoft.com/l/channel/19%3ad4d57eefd4234636901c5b683b85921a%40thread.tcv2/General?groupId=02d82678-01e2-45d7-b96d-d1d2e5bca0cb&tenantId=8f0d452c-b7a4-4964-b810-8c397374477b>


As persoas con credenciais da USC tedes tamén un correo electrónico corporativo no que tedes un convite para acceder a este grupo e á vindeira sesión programada.

Tanto se accededes dende este link que tedes aquí como se o facedes dende o convite, **o primeiro que atoparedes ao entrar é a benvida a Teams e opción de descargar a aplicación ou entrar a través da aplicación web.**

Recoméndase descargar a aplicación para dispoñer de todas as funcionalidades e acceso sinxelo ás aulas virtuais.




Unha vez dentro, tedes que acceder ao EQUIPO CEUXC 2020-21. Para iso, veredes á dereita "Unirse a un equipo o crear uno".



Seleccionade “Unirse a un equipo”, buscade CEUXC 2020-21 e solicitade acceso. Unha vez dentro, pasaredes a ser membros do equipo e recibiredes directamente en Teams as convocatorias que realicemos.

Isto significa que xa non precisaredes convites no correo nin enlaces novos de acceso: entrando na aplicación e accedendo ao calendario do equipo, teredes á vista as reunións programadas.

Como vedes aquí, será tan sinxelo como clicar sobre elas no día e hora indicados.





ACCESO A TEAMS SEN CREDENCIAIS DA USC

Este acceso adoita ser un pouco máis complicado, xa que Teams entende que calquera correo alleo á USC non forma parte da organización.

As persoas que non constades neste momento na lista de credenciais da Universidade recibiredes un convite nos vosos correos habituais para sumarvos ao Equipo CEUXC 2020-21 coa categoría de “invitado”.

Debedes aceptar este convite. A continuación Teams pediravos a creación dunha conta, se non tedes ningunha xa asociada a esta plataforma, e unha vez feito este trámite **daravos a benvida pedíndovos que descarguedes a aplicación ou que a abrades na web.**

Como xa comentamos, sempre é máis **recomendable a primeira opción.**

Probablemente vos salte un aviso de que non formades parte da organización, tralo que veredes o acceso a Equipo CEUXC 2020-21.

Como convidados non teredes o 100% de atribucións que teñen os demais membros do equipo, pero iso non impedirá que poidades asistir a calquera reunión que convoquemos.

AQUÍ TEDES A GUÍA que ofrece Teams sobre os pasos que debedes seguir e que inclúe un vídeo tutorial.

En todo caso, esta é unha situación temporal: unha vez estean activas as credenciais da USC sumarémosvos ao Equipo como as demais compañeiras.